



Teaching Guide

Identifying Data					2023/24
Subject (*)	Civil law practice II		Code	612499009	
Study programme	Mestrado Universitario en Avogacía (plan 2012)				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	2nd four-month period	First	Obligatory	4.5	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Dereito Privado				
Coordinador		E-mail			
Lecturers		E-mail			
Web	http://www.dereito.udc.es/presentacion-abogacia				
General description	<p>- A materia Práctica Sustantiva Civil II ten como obxecto o estudo e a aprendizaxe, dese a perspectiva problemática, do Dereito de familia, do Dereito de sucesións e do Dereito de danos. Trátase de que o estudante aprenda a resolver problemas nestes tres ámbitos do Dereito privado, especialmente conflictivos. En particular o estudante debe aprender a utilizar as ferramentas xurídicas axeitadas para resolver conflitos nestes ámbitos, así como a diseñar réximes económico matrimoniais e sucesións en patrimonios familiares e empresariais, axeitados para garantir a continuidade dunha sociedade ou empresa familiar e para minimizar as consecuencias tanto de eventuales responsabilidades por débedas, coma dos problemas derivados na sucesión da titularidade da empresa. Tendo en conta esta problemática, prestarase especial atención o réxime económico matrimonial de gananciais e as institucións de Dereito de sucesións propias do Dereito civil de Galicia e, en particular, os pactos sucesorios.</p>				

Study programme competences

Code	Study programme competences
A1	Posuír, comprender e desenvolver habilidades que posibiliten aplicar os coñecementos académicos especializados adquiridos no grao á realidade cambiante á que se enfrontan os avogados para evitar situacións de lesión, risco ou conflito en relación aos intereses encomendados ou o seu exercicio profesional ante tribunais ou autoridades públicas e nas funcións de asesoramento
A2	Coñecer as técnicas dirixidas á investigación e establecemento dos feitos nos distintos tipos de procedemento, especialmente a produción de documentos, os interrogatorios e as probas periciais
A3	Coñecer e ser capaz de integrar a defensa dos dereitos dos clientes no marco dos sistemas de tutela xurisdicionais nacionais e internacionais
A4	Coñecer as diferentes técnicas de composición de intereses e saber atopar solucións a problemas mediante métodos alternativos á vía xurisdicional
A7	Saber identificar conflitos de intereses e coñecer as técnicas para a súa resolución, establecer o alcance do segredo profesional e da confidencialidade, e preservar a independencia de criterio
A10	Desenvolver destrezas e habilidades para a elección da estratexia correcta para a defensa dos dereitos dos clientes tendo en conta as esixencias dos distintos ámbitos da práctica profesional
A11	Saber desenvolver destrezas que permitan ao avogado mellorar a eficiencia do seu traballo e potenciar o funcionamento global do equipo ou institución en que o desenvolve mediante o acceso a fontes de información, o coñecemento de idiomas, a xestión do coñecemento e o manexo de técnicas e ferramentas aplicadas
A13	Saber expor de forma oral e escrita feitos, e extraer argumentalmente consecuencias xurídicas, en atención ao contexto e ao destinatario ao que vaian dirixidas, de acordo no seu caso coas modalidades propias de cada ámbito procedimental
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos



B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirigido ou autónomo
B6	Capacidade de traballo en equipo
B9	Capacidade de resolución de problemas
B11	Capacidade de argumentar tanto en forma oral como escrita
B12	Desenvolvemento dun espírito crítico, lóxico e creativo
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma
C2	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
C5	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C6	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
<p>Obxectivo xeral: a formación ten por obxecto que o alumno/a adquira as habilidades, actitudes e coñecementos en materia de Derecho sustantivo e procesual civil, en relación co asesoramento dos intereses encomendados polo cliente, a análise e redacción dos documentos xurídicos, dirección de procedementos xudiciais e, en xeral, o axeitado exercicio da profesión nestes ámbitos (familia, sucesións e danos).</p> <p>1. Familia.</p> <p>Obxectivos: coñecer as consecuencias xurídicas da ruptura do matrimonio ou da parella de feito (unións estables de parella). Coñecer os trámites procesuais aplicables en materia de familia. Coñecer o réxime xurídico das medidas cautelares previas e coetáneas. Aprender a realizar a liquidación do réxime económico matrimonial.</p> <p>Habilidades: Saber redactar demandas de separación, divorcio, alimentos e custodia, tanto de mutuo acordo, coma contenciosas. Saber redactar convenios reguladores. Conciliar os intereses do propio cliente coa especial protección dos fillos menores. Saber redactar convenios de liquidación do réxime económico matrimonial e formular xudicialmente propostas de inventario e de liquidación.</p> <p>Actitudes: Defender o interese do cliente nunha negociación de ruptura consensuada. Propor medios de proba oportunos. Documentar os acordos alcanzados nos procedementos de mutuo acordo. Recopilar a información necesaria para a realización do inventario e a inclusión e exclusión de bens. Documentar a liquidación do réxime económico matrimonial. Informar o cliente dos efectos económicos da liquidación, incluídos os fiscais.</p>	AC1	BC2	CC1
	AC2	BC3	CC2
	AC3	BC4	CC5
	AC4	BC5	CC6
	AC7	BC6	
	AC10	BC9	
	AC13	BC11	
		BC12	



<p>2. Sucesións: Obxectivos: coñecer os modos de apertura da sucesión na herdanza, tipos, incapacidades e prohibicións. Coñecer a sucesión paccionada, a testada e os tipos de testamento. Coñecer o contido mínimo do testamento, legados e lexítimas. Coñecer a sucesión intestada e os seus trámites. Coñecer a aceptación da herdanza, a repudiación e o sistema de colación. Coñecer o réxime de administración dos bens da comunidade hereditaria. Coñecer cómo se forma un inventario de bens cómo formular oposición a inclusión dun determinado ben. Coñecer os cuadernos particionais. Coñecer as especialidades en materia sucesoria propias do Dereito civil de Galicia.</p> <p>Habilidades: diferenciar con claridade entre unha sucesión voluntaria e legal. Aplicar correctamente as causas de incapacidade e as prohibicións para suceder. Aplicar correctamente o instrumento da delación. Identificar os tipos de testamento. Aplicar correctamente o sistema de lexítimas. Tramitar notarial e xudicialmente unha sucesión intestada. Determinar a conveniencia de aceptar ou repudiar unha herencia. Elexir entre aceptación pura e simple e a beneficio de inventario. Deslindar os actos de mera administración. Diferenciar entre un contador testamentario, un contador dativo e un xudicial. Respetar as lexítimas na partición. Cerciorarse do Dereito aplicable en función da vecindade civil do causante. Garantir que nos testamentos quede plasmada realmente a vontade do testador.</p> <p>Actitudes: asesorar o cliente do xeito mais conveniente según os diferentes tipos de sucesión. Ter sempre presentes as peculiaridades que poden concorrer na sucesión (incapacidades, prohibicións?) Asesorar convenientemente o cliente que vai a realizar testamento tendo en conta as implicacións legais e fiscais. Asesorar o cliente sobre os efectos de la aceptación e da repudiación da herdanza. Asesorar o cliente sobre os efectos das donacións os seus herdeiros forzosos. Procurar o aseguramiento dos bens da herdanza. Advertir o cliente sobre a adecuación de utilizar distintos instrumentos propios do Dereito civil de Galicia para ordenar a súa sucesión hereditaria, especificamente canto a empresa familiar.</p>	<p>AC1 AC2 AC3 AC4 AC7 AC10 AC11 AC13</p>	<p>BC2 BC3 BC4 BC5 BC6 BC9 BC11 BC12</p>	<p>CC1 CC2 CC5 CC6</p>
<p>3. Dereito de danos.</p> <p>Obxectivos: coñecer o sistema de responsabilidade civil extracontractual no ámbito civil. Coñecer as formas de prevención da responsabilidade civil. Coñecer os presupostos da acción civil de responsabilidade extracontractual e a doutrina xurisprudencial da objetivización da responsabilidade. Distinguir os suxeitos intervintes e as especialidades da responsabilidade civil xurdida dos ilícitos penais. Coñecer as formas de determinación do dano a través das probas. Coñecer, valorar e utilizar a proba pericial. Coñecer as peculiaridades das accións de responsabilidade civil por danos nos distintos ámbitos (profesional, sanitario, construción?). Coñecer las especialidades da responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos a motor. Aprender a utilizar o baremo de valoración de danos corporais. Coñecer o funcionamento do seguro e do Consorcio de Compensación de Seguros. Coñecer as especialidades procesuais do tratamento xurídico dos danos privados.</p> <p>Habilidades: distinguir os suxeitos intervintes na responsabilidade civil extracontractual. Redactar unha demanda de responsabilidade civil. Formular reclamacións extraxudiciais por responsabilidade civil. Interpretar axeitadamente os informes periciais e forenses. Emitir as instrucións precisas para a realización dun informe pericial. Calcular a valoración de danos e secuelas. Utilizar correctamente a lexislación aplicable en materia de danos derivados da circulación de vehículos a motor. Saber utilizar o baremo de valoración de danos corporais en materia de tráfico.</p> <p>Actitudes: asesorar o cliente para previr a responsabilidade civil. Emplear en cada caso os medios de proba mais axeitados. Analizar a orde xurisdiccional adecuada para preentar unha demanda exercitando unha acción de responsabilidade civil extracontractual.</p>	<p>AC1 AC2 AC3 AC4 AC7 AC10 AC11 AC13</p>	<p>BC2 BC3 BC4 BC5 BC6 BC9 BC11 BC12</p>	<p>CC1 CC2 CC5 CC6</p>

Contents	
Topic	Sub-topic



I.- DEREITO DE DANOS (Prof. Dr. José Manuel Busto Lago)	1. Responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor. Aprendizaxe do sistema de valoración de danos corporais. 2. Responsabilidade civil derivada de accidentes ocasionados por especies cinexéticas. 3. Responsabilidade civil na construción. 4. Responsabilidade civil profesional. En particular, dos profesionais xurídicos: avogados, procuradores, notarios, rexistradores e xuíces. 5. A responsabilidade dos administradores das sociedades de capital. 6. A acción de responsabilidade civil extracontractual. Aspectos procesuais. 7. O seguro de responsabilidade civil (aspectos contractuais e procesuais).
II.- DEREITO DE FAMILIA (Profesores: Dnª Digna Braña, Dnª Mª Asunción Jiménez de Llano Zato, Dnª Luisa Moure)	1. Medidas previas e provisionais nos casos de separación e de divorcio. 2. Divorcio ante notario. 3. Procedemento de común acordo: convenio regulador, especialidades do proceso. 4. Procedemento contencioso: especialidades en materia de proba. Especial referencia a custodia compartida. 5. Modificación de medidas definitivas adoptadas. 6. Liquidación do réxime económico matrimonial e, en particular, da sociedade de gananciais. Inclusións e exclusións de bens e formas de facer a liquidación da sociedade ganancial. Problemas suscitados pola comunidade postganancial.
III.- DEREITO DE SUCESIÓN (Prof. Dr. José Manuel Busto Lago e D. Miguel Caridad)	1. Testamentos. 2. Pactos sucesorios (pacto de apartación, de mellora e usufructo do cónxuxe viúvo). 3. Instrumentos para diseñar a sucesión na empresa familiar (pactos sucesorios, disposicións testamentarias e pactos de socios). 4. Declaración de herdeiros. 5. Partición e división da herdanza (convencional, pola maioría, xudicial). 6. Intervención do caudal hereditario. Medidas de aseguramento. 7. Características da administración xudicial do caudal hereditario. 8. Partición e división da herdanza: convencional, por contador-partidor e procedemento xudicial.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 B1	30	20	50
Case study	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B11 B12 C1 C2 C5 C6	5	15	20
Seminar	A1 A2 A4 A5 A6 A7 A8 A9 B1 B3 B5 C6	20	0	20
Student portfolio	A1 A2 A4 A5 A7 A9 A10 A14 A15 B11 B12 C1 C2 C5	0	10	10
Introductory activities	A1 A2 A3 B5	3	0	3
Personalized attention		9.5	0	9.5
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	- Os/as Profesores/as exporarán os contidos fundamentais da materia, permitindo a participación crítica dos/das alumnos/as.



Case study	- Os/as Profesores/as proporán casos prácticos que os/as alumnos/as resolverán, ben de forma individual, ben en grupo. As solucións plantexaranse e cuestionaranse ante o conxunto de alumnos e alumnas.
Seminar	- Ó longo do curso académico propórase a participación en seminarios monográficos sobre responsabilidade civil empresarial e profesional e sobre o sistema de valoración de danos corporais derivados da circulación de vehículos de motor.
Student portfolio	- Elaboración dunha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno durante a impartición da materia. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resúmenes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, etc.
Introductory activities	- Actividades dirixidas a comprobar o coñecemento dos estudantes das institucións básicas de Dereito de familia, sucesións e danos.

Personalized attention

Methodologies	Description
Case study	- O Profesor/a atenderá ós/ás alumnos/as de maneira individual ou grupal, resolvendo os problemas e as cuestións suscitadas polas lecturas, casos e problemas plantexados. - Os horarios de tutorías anunciaranse a través do taboleiro de anuncios e da ferramenta on-line. - Os alumnos poderán dirixirse por medio de e-mail o Profesor e utilizar o foro do campus virtual 1.9.

Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Seminar	A1 A2 A4 A5 A6 A7 A8 A9 B1 B3 B5 C6	- Participación activa e crítica dos alumnos e alumnas nos seminarios propostos polos Profesores.	5
Student portfolio	A1 A2 A4 A5 A7 A9 A10 A14 A15 B11 B12 C1 C2 C5	- Valoración do contido do portafolios presentado o remate da impartición da materia.	5
Guest lecture / keynote speech	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 B1	- Evaluación continua das actividades realizadas polos estudantes dentro e fora da aula. - Valorarase a participación dos alumnos/as na exposición que faga o Profesor/a e en particular as súas intervencións e as respostas as cuestións formuladas polo Profesor/a.	20
Case study	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B11 B12 C1 C2 C5 C6	- Ó longo do curso académico o/a Profesor/a proporá distintos casos ou supostos prácticos avaliábeis con cuestións que o/a alumno/a deberá de contestar ou resolver de forma argumentada e, de ser o caso, sen utilizar materiais de apoio (nin bibliográficos, nin xurisprudenciais, nin normativos). - A cualificación obtida nas prácticas avaliábeis realizadas ó longo do curso académico computarase, exclusivamente, nas dúas oportunidades da primeira convocatoria (maio/xuño e xullo de 2016).	70

Assessment comments

--

Sources of information

--



Basic	<ul style="list-style-type: none">- REGLERO CAMPOS y BUSTO LAGO (2014). TRATADO DE RESPONSABILIDAD CIVIL. Ed. Aranzadi, Cizur Menor- REGLERO, BUSTO et al (2013). LECCIONES DE RESPONSABILIDAD CIVIL. Ed. Aranzadi, Cizur Menor- BERCOVITZ et al (2018). DERECHO DE SUCESIONES. Madrid, Ed. Bercal- BERCOVITZ et al (2015). DERECHO DE FAMILIA. Madrid, Ed. Bercal- REBOLLEDO VARELA, Á. L. (Dir.) (2008). Comentarios a la Ley 2/2006 de Derecho Civil de Galicia. Ed. Aranzadi, Cizur Menor- BUSTO LAGO, J. M. (Dir.); ÁLVAREZ LATA, N. y PEÑA LÓPEZ, F. (2015). Curso de Derecho civil de Galicia. Barcelona. Ed. Atelier
Complementary	<ul style="list-style-type: none">- SEOANE SPIEGLEBERG, J. L. (2009). La partición de la herencia en el Derecho gallego. Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación- LEGERÉN MOLINA, A. (2007). La partición conjunta en el Derecho gallego. Servicio de Publicacións da Universidade da Coruña- COLINA GAREA, R. (2000). La partija entre coherederos que represente la mayoría económica en la herencia. RXG, Pontevedra- CORA GUERREIRO, J. M.; ORDÓÑEZ ARMÁN, F. M. y PEÓN RAMA, V.J. (2007). Derecho de sucesiones y régimen económico familiar de Galicia, T. I y II. Madrid, Ed. Consejo General del Notariado- BERCOVITZ RODRÍGUEZ-CANO, R. (2009). Derecho de Sucesiones. Madrid, Ed. Tecnos

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Ethical Code and Transversal Techniques/612499001

Instrumental techniques/612499002

Civil law practice I/612499004

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Civil litigation practice/612499003

Subjects that continue the syllabus

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.